

XORNADA

Faladoiros dixitais ao redor do Big Data

David Losada

Formación: Enxeñeiro e Doutor en Informática pola Universidade da Coruña. Profesor Titular de Universidade na USC e coordinador do Máster Interuniversitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data.

- Que fai un experto dixital en Big Data?

- No eido do Big Data existe unha gran diversidade de perfís profesionais: científicos de datos expertos na análise de datos masivos, expertos en computación paralela e distribuída para a xestión e procesamento masivo de grandes volumes de datos, expertos en Intelixencia de Negocio que deseñan novas solucións e servizos baseados nos datos, etc. Cada un destes profesionais realiza distintas tarefas científicas, tecnolóxicas ou de negocio dando lugar a distintas innovacións na súa área de aplicación.

- Como chegaches a esta profesión?

- O meu interese no Big Data ten orixe na miña actividade investigadora, centrada nas tecnoloxías de busca e clasificación documentais. Neste eido, e xa dende moitos anos atrás, é habitual a existencia de coleccións masivas de documentos que son moi dinámicas (web, redes sociais, ...) e demandan a implantación de solucións Big Data. Ao longo dos anos, temos traballado con diversas tecnoloxías Big Data (p.e. Hadoop) así como en multitude de modelos e técnicas de Aprendizaxe Automática para dar soporte a tarefas de busca e clasificación. Ademais, no ano 2014 impulsamos na USC a creación dun novo máster interuniversitario (Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data) para dar resposta á demanda existente de formación neste ámbito.

XORNADA

Faladoiros dixitais ao redor do Big Data

- Que oportunidades de futuro representa?

- É difícil atopar unha profesión con mellores perspectivas. As posibilidades de solucións Big Data son enormes en ámbitos tan diversos como a saúde, a industria automobilística, a banca, as cidades intelixentes e un largo etcétera. Se trata ademais dun perfil de profesión moi innovador. Os profesionais Big Data xogan un papel crucial na innovación nas empresas e afrontan o reto de deseñar novas tecnoloxías que supoñan avances tanxibles nas organizacións e nos seus produtos e servizos.

- Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

- Que se forme en tres grandes áreas: ciencia de datos, tecnoloxías Big Data e negocio; que busque oportunidades profesionais en organizacións onde os retos de analítica de datos xoguen un papel primordial e que manteña sempre unha visión crítica e actualizada sobre as tecnoloxías Big Data Analytics existentes.